

-Disque os críticos teñen mala prensa. Pensouno ben Vde. á hora de reunir nun libro unha selección das súas críticas? Que pasará se as críticas ás súas críticas (valla a redundancia) non son positivas?

-Non temos moi boa prensa, non. A ninguén lle gusta que un árbitro lle asubie falas, pero algún ten que arbitrar, non si? Ademais, o propio árbitro ten que respectar que outros árbitros poidan xulgar o seu labor. Fronte a iso, non queda senón aprender das observacións que a un lle queiran facer, sempre e cando provenian de árbitros competentes e que avalien con rigorosidade e profesionalidade, claro está.

-A que razóns concretas obedece reunir estes traballos xornalísticos nun volume?

-Pensei que, logo de vinte anos de profesión, era bo poñer por xunto unha escolma representativa do traballo que levava a cabo nese tempo; pois, dalgunha maneira, vistos en conxunto, eses textos son tamén unha especie de biografía lectora, un canon particular da literatura galega dos últimos lustros. E, por outro lado, coa compilación rescato tamén do seu sono nas hemerotecas esas recensións que, doutra maneira, serían de menos doada consulta.

-Ademais de na prensa de papel, tamén ten Vde. o seu propio blog. Hai algunha diferenza entre as críticas que escribe no blog e as que publica nos medios convencionais?

-Dende hai case un ano, manteño na Rede o blog homónimo Criticalia (www.armando-requeixo.blogaliza.org), onde tamén fago recensións de libros, alén de breves ensaios sobre actualidade literaria. Pero coído que as mensaxes son diferentes porque o medio tamén o é. Entendo que a blogocrítica ten unha estilística distintiva, unha extensibilidade propia e as posibilidades que ofrece a través da hipertextualidade explorativa singularizana.

-En que medio se sente máis libre?

-No blog escribo, xa ora, o que considero conveniente. Polo tanto, a liberdade é total. Agora ben; teño que dicir que, por fortuna, na miña vida como colaborador dos suplementos xornalísticos e das páxinas literarias das revistas, dei con magníficos directores e coordinadores que me deixaron marxe ilimitada de manobra, así que a verdade é que en calquera dos dous medios fixen sempre o que estimei que procedía.

-Se hai autores que cada vez que editan un libro, a editorial xa anuncia que é best seller, que sentido ten facerlle unha crítica a ese libro?

-Pois ten todo o sentido, porque as editoriais son empresas que, como tal, se dedican a vender o seu produto e, nese sentido, é lóxico que procuren vocealo para persuadir o posible comprador. Pero as críticas e críticos non temos que vender nada. O noso traballo non é ese. O noso labor consiste en orientar o potencial lector sobre as calidades das obras que existen no mercado, con independencia de que o noso xuízo coincida ou non coa opinión dos editores ou doutros axentes do circuito literario.

-O crítico literario é, a fin de contas, un lector, e os lectores adoitan ter debilidades á hora de emitir os seus xuízos so-

bre as obras do seu "autor favorito". Como se amaña Vde. para que as súas debilidades como lector non afecten a súa obxectividade como crítico?

A ver. Unha cousa é o lector por lecer e outra o crítico de profesión. Como lector por lecer, eu son un cidadán máis e escollo para ler o que me presta, como calquera persoa. E claro, teño autoras e autores que me gustan especialmente. Outra cousa é o meu traballo como crítico, onde aparco calquera consideración subxectiva, para xulgar a partir de coñecementos obxectivos que proveñen de ciencias como a Teoría da Literatura, a Historiografía literaria, a Literatura Comparada... Isto é o que se espera de todas as críticas e críticos verdadeiramente profesionais, por iso o noso xuízo non é caprichoso en absoluto.

que non se venda ou se venda menos?

-O certo é que a casuística é máis complicada do que parece: unha mala crítica pode facer que un libro se venda menos por disuasión ou que se venda máis por puro morbo. E ao revés tamén: unha boa crítica pode conseguir que se vendan máis exemplares, pero tamén, dependendo de quen veña o comentario, pode causar nulo efecto ou mesmo ser negativo.

-Hai quen pensa que os críticos galegos son, en xeral, moi xenerosos cos autores, que hai un excesivo proteccionismo pola súa parte. Está de acordo con esta apreciación?

-Si e non. É certo que hai compañeiros e compañeiros que, por propia vontade, deciden só dar noticia daquelas obras que lles parecen máis salientables, así

conseguir máis notoriedade. Creo, sinceramente, que entre un extremo e outro ten que haber lugar para unha crítica seria e fundamentada, unha crítica rigorosa que saiba aplaudir as luces e sinalar as sombras para que, aos poucos, estas vaian esvaeando e a nosa literatura mellora día a día.

-Cal é o autor galego que mellor encaixa as valoracións negativas da súa obra? (Polo que peor as encaixa non lle pregunto, porque supoño que será segredo profesional).

-A ninguén lle gusta que lle afeen o traballo, e menos a un artista da palabra, que ten, connaturalmente, a suficiente porción de ego para desenvolver o seu papel como creador. Así que faltaría á verdade se che dixese que as escritoras e escritores galegos encaixan ben as críti-



Armando Requeixo - CRÍTICO LITERARIO

“Os escritores que encaixan ben una crítica negativa son unha excepción”

licenciado en Filoloxía Galego Portuguesa, Armando Requeixo, habitual colaborador nas páxinas de FARO DA CULTURA, vén de publicar unha escolma do seu traballo como crítico literario ao longo das dúas últimas décadas nun volume de significativo título: Criticalia (Sotelo Blanco Edicións).

LOURDES VARELA

-No sistema literario no que nos movemos, ou sexa, no galego, pensa que unha boa crítica aínda é quen de facer que se venda un libro e unha crítica negativa

que practicamente nunca asoman nos seus textos obxeccións. Pero tamén hai outras e outros colegas que parecen crer que, cargando as tintas no negativo, han

cas negativas. Polo menos, as que eu lles fago encaixanas fatal, como os editores. Iso tenme causado problemas mesmo con amigos que, en determinado momento, non souberon diferenciar en min o amigo e o crítico. Os que aceptan con talante os comentarios non entregadamente gabanciosos son a excepción que confirma a regra.

-En que criterios se basea para elixir unha obra que vai ser obxecto da súa crítica?

-Son bastante ecléctico. En principio, calquera libro pode suscitar a miña atención: comezo a ler e avanzo na lectura un número significativo de páxinas. Logo, peteiro no resto, aquí e acolá. Se vexo que a obra resiste esta primeira peneira, entón apártoa para facer unha nova revisión xa a fondo, con lectura integral e analítica en detalle.

-Como crítico de literatura, de quen se sente máis preto, do escritor ou do xornalista?

-Equidistante. Entendo que, pola súa propia natureza, o crítico participa de ambas as dúas realidade: é un escritor de ensaio e, polo tanto, un creador literario complementario ao ficcionista. Doutra banda, é tamén un colaborador dos medios de comunicación e, como tal, exerce neles o xornalismo ensaístico-literario, así que, dalgunha maneira, tamén é un informador destes medios.

Armando Requeixo, en Santiago.

FOTO: XOÁN ÁLVAREZ